

MARY WOLLSTONECRAFT SHELLEY

# Mathilda

*Traducción de María Alonso Seisdedos*





## CAPÍTULO I

*Florenxia, 9 de novembro de 1819*

Aínda son as catro, mais estamos no inverno e o sol xa se puxo: non hai nubes no ceo limpo e lazado que reflectan os seus raios oblicuos, mais o aire tinguéase dunha leve cor rosácea que se volve reflectir na neve que cobre o chan. Vivo nunha casa de campo illada nun moural inmenso e solitario: ata aquí non me chega ningunha voz de vida. Vexo a planicie desolada baixo un manto de neve, agás uns cantos retrincos negros que o sol do mediodía abriu no alto daqueles outeiros aguzados, nos que a neve, como esvara ao caer, forma unha capa máis fina que no terreo chan. Uns cantos paxaros peteiran no xeo duro que recobre as pozas, pois as xeadas teñen sido persistentes.

Encóntrome nun estado de ánimo estraño. Estou soa, totalmente soa no mundo. A praga do infortunio pasou por min e mirroume. Sei que me falta pouco para morrer e sinto felicidade, ledicia. Tómore o pulso: latexa rápido. Levo a fraca man á meixela: queima. Dentro de min hai unha enerxía lixeira, áxil, que emite agora as derradeiras faíscas. Non hei ver as neves doutro inverno. Estou

convencida de que xa non hei sentir a calor vivificante do sol doutro verán. E con esa certeza emprendo a escrita da miña trágica historia. Talvez fose mellor que unha historia como a miña morrese comigo, mais guíame unha emoción que son incapaz de definir e non teño folgos, nin no corpo nin na alma, para resistirme ao menor impulso. Mentres sentía en min a forza da vida, cría de veras que o horror sagrado que encerraba a miña historia a volvía infame, e agora que morro, profano os seus terrores místicos. É como o bosque das Euménides: só os moribundos poden entrar nel; e Edipo está para morrer.

Que escribo...? Debo pararme a ordenar as ideas. Non sei de ninguén que vaia ler estas páxinas a conciencia, agás ti, meu amigo, que as recibirás á miña morte. Se non chas dirixo a ti só é porque me vai resultar pracenteiro espraiarme sobre a nosa amizade dunha maneira que sería innecesaria se só ti as foses ler. Hei de narrar a miña historia como se escribise para descoñecidos. Preguntáchesme moitas veces pola causa da vida solitaria que levaba, das miñas bágoas e, sobre todo, do meu silencio impenetrable e montaraz. Mentres vivía non me atrevín, mais xa morta desvéloche o misterio. Outros pasarán estas páxinas con lixeireza. Ti, Woodville, amable e afectuoso amigo, has de saber valorar... os recordos máis prezados dunha moza desenganada que, na agonía, aínda se emociona ante a gratitude que lle inspiras. As túas bágoas caerán nas palabras que dan conta dos meus infortunios. Sei que vai ser así. E mentres teña vida, heiche agradecer a paixón.

## *Mathilda*

Mais xa abonda. Vou iniciar o relato. É a última tarefa que emprendo e confío que me dean as forzas para concluíla. Non deixo constancia de crimes. As miñas faltas teñen doado perdón, pois non derivan da malicia senón da falta de xuízo. E estou convencida de que poucos se dirían capaces, mediante unha conduta diferente e unha sabedoría superior, de evitar os infortunios dos que son vítima. Foron as circunstancias as que gobernaron o meu fado, unhas circunstancias horrendas. Eran precisas mans máis poderosas que as miñas, máis poderosas, creo, que calquera forza humana, para romper a cadea grosa e adamantina que me amarraba ao sufrimento —a min, que outrora non respiraba senón ledicia, sempre imbuída nun amor cálido, que me deleitaba na bondade— que só había de acabar, e agora vai xa acabar, coa morte. Esquezo, no entanto, que aínda non narrei a miña historia. Voume deter uns instantes para enxugar estes meus ollos engradados, e procurarei diluír o presente escuro e a amarga sensación de infelicidade nas emocións máis intensas do pasado.

Nacín en Inglaterra. Meu pai era un home de boa posición. Morrélle o pai cedo e educouno unha nai débil con toda a indulxencia que considerou digna dun nobre con fortuna. Mandouno a Eton e despois á universidade. Desde a infancia permitiúselle dispor con liberdade de grandes sumas de diñeiro. Gozou, por tanto, desde a primeira xuventude, da independencia que un rapaz con eses privilexios adquire nun colexio de pago.

Influído por tales circunstancias, as súas paixóns atoparon un solo fértil no que afundir as raíces e prosperar,

quer en forma de flores, quer de malas herbas, en función da súa natureza. Pois que se lle permitiu sempre obrar segundo o seu parecer, tivo desde cedo un carácter forte e marcado, que exhibía unha superficie variada na que un observador perspicaz distinguiría as sementes de venturas e desventuras. O seu desleixo extravagante —que o levou a desbaldir sumas inmensas para satisfacer caprichos pasaxeiros que, dada a súa enerxía evidente, dignificou cualificándoos de paixóns— manifestábase a miúdo nunha xenerosidade ilimitada. Emporiso, así como se preocupaba en serio das necesidades doutros, satisfacía os propios antollos ata o máximo grao. Regalaba o diñeiro, mais sen sacrificar por eses agasallos ningún desexo; regalaba o seu tempo, que non valoraba, e os seus afectos, pois causáballe alegría darlles uso fose como fose.

Non digo que fose exhibir un egoísmo excesivo se os seus propios desexos chegasen a rivalizar cos doutros, mais tal dilema nunca se deu. Criouse na prosperidade e con todas as vantaxes que esta comporta. Todos o adoraban e desexaban contentalo. Afanábase en promover os desexos dos seus camaradas, mais os desexos deles eran os seus. E se outorgaba máis atención aos sentimentos dos outros do que é habitual entre os escolares era porque o seu carácter social non gozaba se os rostros de todos non se vían sen preocupacións como o del.

Mentres estivo no colexio, a emulación e os seus propios dotes naturais permitíronlle destacar nos bancos entre os seus iguais. Na universidade, desbotou os libros; cría que as leccións que debía aprender non eran as que

## *Mathilda*

eles lle podían ensinar. Ía empezar a vivir e, sendo aínda novo, entendía o estudo como unha pexa para un colexial, que ten como único fin evitar que o rebelde faga trasnadas, sen conexión real coa vida, para a cal consideraba de moito maior interese os coñecementos sobre equitación, xogos de azar etcétera. Así, entrou logo a participar en todas as andruviadas estudantís, aínda que un corazón tan ben moldeado como o seu non se deixase corromper por elas: talvez fose lixeiro, mais frío, nunca. Sendo un amigo sincero e comprensivo, non se cruzou con ninguén igual ou superior que o axudase a desenvolver a mente ou que o animase a buscar novos repertorios de ideas a través do esgotamento das vellas. Sentíase superior en perspicacia ás persoas que o rodeaban: os seus dotes, categoría social e riqueza convertíanlo no xefe da cuadrilla, e tal posición procuráballe non só satisfacción senón vangloria, pois concibíaa como a única ambición no mundo digna das súas aspiracións.

Por causa dunha curiosa estreiteza de miras, contemplaba o mundo só en canto tiña ou non relación co seu pequeno círculo. Consideraba extravagantes e pasadas de moda todas as opinións que a súa roda de íntimos refutase, e volveuse dogmático, se ben temía, asemade, non coincidir cos únicos sentimentos que recoñecía como ortodoxos. Ante o común dos observadores, mostrábase desentendido da censura, e con sumo desdén deixaba de lado toda dependencia dos prexuízos públicos. Con todo, ao tempo que avanzaba ás alancadas, triunfante, por riba do resto do mundo, apoucábase, con falsa humildade,

ante o seu grupo e, malia ser o xefe, xamais ousou expresar unha opinión ou sentimento sen ter garantida antes a aprobación dos seus camaradas.

Porén, a eses queridos amigos ocultáballes un segredo, segredo que alimentara desde os seus primeiros anos e que, por moito que quixese os seus condiscípulos, non confiaba á sensibilidade ou comprensión de ningún deles. Amaba. Temía que a intensidade da súa paixón se convertese en obxecto de mofa e non soportaba a idea de que a envilecesen, xulgando trivial e transitorio o que el cría a vida da súa vida.

Había un señor cun gran capital que vivía preto da mansión da súa familia e tiña tres fillas encantadoras. Se ben a máis vella era, con moito, a máis fermosa, a súa beleza non era senón unha adealla ás outras calidades que posuía: unha intelixencia clara e sólida e un temperamento de anxelical tenrura. Ela e meu pai foron compañeiros de xogos desde a infancia. Diana xa de nena era a favorita da nai del, predilección que foi en aumento a medida que aquela rapaza fermosa e vital medraba e, por tanto, pasaron sempre xuntos as vacacións escolares e universitarias. As novelas e os outros diversos métodos a través dos cales, na sociedade civilizada, a xuventude chega ao coñecemento da existencia das paixóns antes sequera de experimentalas produciron nel, tan susceptible a calquera impresión, un efecto profundo. Diana era a súa compañeira de xogos preferida, mais aos once anos el xa lle falaba coa linguaxe do amor. Se ben ela lle levaba case dous anos, pola natureza da súa educación, era máis infantil, cando



## *Mathilda*

menos no coñecemento e expresión dos sentimentos. Recibía con inocencia as afectuosas declaracións do amigo e devolvíallas ignorando o seu significado. Ela, que non lera novelas e se relacionaba só coas súas irmás máis novas, como ía saber diferenciar entre amor e amizade? E cando o desenvolvemento da conciencia lle revelou a verdadeira natureza de tal relación, xa lle entregara o seu amor ao seu amigo, e o único que temía era que outros alicientes e veleidades o levasen a romper as súas promesas infantís.

Porén, cada día eran máis ardentes e tenras. Aquela era unha paixón que medrara con el, entrelazada con cada aptitude e cada sentimento, e só perdendo a vida podería desaparecer. Bardante os corazóns de ambos, ninguén sabía do seu amor. No entanto, aínda que tamén nisto, como en todas as outras cousas, o que máis temía era a censura dos camaradas —dado que lle profesaba amor sincero a unha persoa inferior a el en fortuna—, nada, nin por un instante, logrou debilitar o seu propósito de unirse a ela en canto cobrase o valor suficiente para afrontar as dificultades que estaba resolto a superar.

Diana era moi merecente do seu fondísimo afecto. Poucas eran as que se podían gabar dun corazón tan puro e de tan auténtica humildade de espírito, ligados á confianza firme na súa propia integridade e á fe na dos outros. Levara desde o nacemento unha vida retirada. A nai morréralle sendo moi nova, mais o pai entregouse ao coidado da súa educación e as súas peculiares ideas influíran no método que lle aplicou a ela. A moza, que posuía amplos coñecementos dos heroes gregos e romanos ou aqueles de

Inglaterra que viviran había uns cantos séculos, ignoraba, en cambio, os sucesos efémeros da actualidade. Lera poucos autores dos últimos cincuenta anos, mais, a excepción diso, as súas lecturas eran moi exhaustivas. En consecuencia, se ben parecía menos iniciada nos misterios da vida e da sociedade ca el, os coñecementos dela eran de carácter máis profundo e asentábanse sobre alicerces máis firmes. E no hipotético caso de que non o fascinasen a súa beleza e dozura, abondaría a súa intelixencia para cativalo. El admirábaa como guía e era tal a súa adoración que se deleitaba en aumentar ao seu xuízo a sensación de inferioridade coa que ela en ocasións o impresionaba.

Tiña el dezanove anos cando lle morreu a nai. Con tal motivo, deixou a universidade e abandonou unha tempada os vellos amigos para retirarse na proximidade de Diana e recibir consolo da súa voz agarimosa e das súas prezadas caricias. Esa breve separación dos camaradas deulle coraxe para afirmar a súa independencia. Presentía que, por moita mofa que fixesen do seu compromiso de matrimonio, non se atreverían a exhibila unha vez celebrado este. E así, tras solicitar o consentimento do seu titor, que con certa dificultade obtivo, e do pai da súa amada, que lle foi máis doado conseguir, sen dar conta a ninguén das súas intencións, aos vinte e un anos xa se convertera no marido de Diana.

Amábaa con paixón e a tenrura dela exercía nel tal magnetismo que non lle permitía pensar senón nela. Convidou algúns dos amigos da universidade a visitalo, mais o seu comportamento frívolo provocoulle repug-

## *Mathilda*

nancia. Diana esgazara o veo que ata entón o mantivera na infancia. Convertérase nun home e sorprendíao que outrora puidese comungar coas palabras e ideas falaces dos seus condiscípulos e que chegase a temer a súa censura. Abandonou aquelas vellas amizades, non por capricho, senón porque eran, sen dúbida, indignas del. Diana enchíalle por completo o corazón: sentía que ao unirse a ela recibira unha alma nova e mellor. Ela supervisábo mentres descubría os verdadeiros propósitos da vida. A través das súas leccións prezadas, renunciou aos vellos intereses e foise formando gradualmente ata converterse en alguén entre os seus semellantes: un membro distinguido da sociedade, un patriota, un amante progresista da verdade e da virtude. El amábaa pola súa beleza e talante afable. Con todo, diríase que a amaba máis polo que consideraba a sabedoría superior dela. Estudaban e cabalgaban xuntos. Nunca se separaban e rara vez admitían que os acompañase unha terceira persoa.

Foi así como meu pai, nacido na opulencia e sempre próspero, ascendeu, por riba dos problemas e desenganos diversos que todos os seres humanos semellan destinados a afrontar, ata o mesmísimo pináculo da felicidade. Ao redor del había sol e nubes de tan belas formas que facían que esa paisaxe divina lle ocultase a árida realidade subxacente. E desde esa cúspide vertixinosa esfragouse de súpeto mentres, sen se dar de conta, se congratulaba pola súa felicidade. Aos quince meses do casamento nacín eu e miña nai morreu poucos días despois.

Neste período estaba con meu pai unha irmá. Era case quince anos máis vella ca el e froito dun matrimonio anterior do seu pai. Á morte deste, acollérona uns parentes da nai. Por tanto, rara vez se viran e eran de moi distinto temperamento. Esta tía, que quedou ao meu coidado, relatoume en numerosas ocasións o efecto que tal calamidade tivo no carácter forte e susceptible de meu pai. Desde o momento da morte de miña nai ata que el partiu, non lle ouviu pronunciar nin unha soa palabra. Sumido na máis fonda melancolía, non tiña interese por ninguén. A miúdo as bágoas esvarábanlle pola cara durante horas ou apoderábase del unha tristeza aínda máis terrible. Diríase que todas as cousas exteriores deixaran de existir en relación con el e só unha circunstancia o podía espertar en certa medida do seu desespero mudo e pasivo: negábase a verme. Parecía insensible á presenza de calquera outra persoa, mais se a miña tía, nunha tentativa de lle acordar as emocións, me levaba ao cuarto onde el estaba, saía de alí no acto presa dun ataque de furia e demencia. Ao cabo dun mes, abandonou de improviso a casa e, sen ningún criado ao seu servizo, partiu desa rexión do país sen dar razón nin de palabra nin por escrito dos seus propósitos. Só unha carta súa datada en Hamburgo liberou a miña tía da angustia polo seu destino.

Cantas veces non chorei sobre esa carta que, ata que fixen os dezaseis anos, foi o único recordatorio que tiña dos meus proxenitores. «Perdóame», dicía, «polo desacougo que inevitablemente che causei. Mais nesa illa desventurada, onde todo exhalaba o espírito daquela que perdín para


## *Mathilda*

sempre, retíñame un maleficio. Logrei rompelo. Abandonei Inglaterra para moitos anos, quizais para sempre. Non obstante, para convencerte de que non é ese sentimento egoísta o único que me absorbe, vou permanecer nesta cidade ata que leves a cabo por carta todas as disposicións que xulgues necesarias. Así que marche de aquí, confío en que non volvas ter novas miñas. Debo cortar todo vínculo que existe na actualidade. Heime converter nun vagabundo, nun paria miserable... solitario!, solitario!» Noutra parte da carta aludía a min: «En canto a esa coitada criatura que fun incapaz de ver e nin me atrevo a mencionar, déixoa baixo a túa protección. Coida dela e dálle agarimo. Quizais algún día a reclame das túas mans. Pois que o futuro é sombrío, procúralle un presente feliz».

Meu pai permaneceu tres meses en Hamburgo. Cando marchou, cambiou de nome. A miña tía nunca deu descuberto cal adoptara e só a partir de vagos indicios deduciu que tomara a estrada de Alemaña a Hungría cara a Turquía.

Así, aquel espírito sobranceiro que outrora suscitara interese e altas expectativas en todos cantos o coñecían e valoraban, de súpeto, por así dicilo, extinguiuse. Desde ese momento só existiu para si mesmo. Os amigos lembrábano como unha aparición resplandecente que xamais se volvería mostrar ante eles. O recordo do que foi feneceu co paso dos anos e el, que outrora formou parte deles e das súas ilusións, deixou de contarse entre os vivos.





ESTE LIBRO ENTROU NO PRELO O 8 DE ABRIL  
DE 2022, 104 ANOS E 27 DÍAS DESPOIS DE  
QUE MARY E PERCY B. SHELLEY, ACOSADOS  
POLAS DÉBEDAS DO POETA, ABANDONASEN  
INGLATERRA CON RUMBO A ITALIA, ONDE  
MARY ESCRIBIU ESTA OBRA.

